

A NOSA VOZ

Revista informativa da Diocese de Lugo

Abril-maio de 2003

Nº 42. III EPOCA

UNHA COMUNIDADE DE FE

DIOCESE DE
LUGO



18 DE MAIO 2003
DÍA DA IGREXA DIOCESANA

SUMARIO

CARTA PASTORAL:

de Frei Xosé Gómez,
Bispo de Lugo

Páx. 2

INFORME:

Colecta do Día da Igrexa
Diocasana

Páx. 3, 4, 9 e 10

COMEDOR S. FROILÁN:

Un compromiso
diocesano

Páxinas centrais

Igrexa Diocesana, comunidade de fe



Durante unha das procesións de Semana Santa ía eu cavilando sobre a necesidade de temos de crear vínculos de unión e de comunión. A xente, cos ollos fixos nos pasos que avanzaban, a modiño, polas rúas da cidade, camiñaba lentamente, contemplaba silenciosa e rezaba. Sen dúbida, non poucas desas persoas uníanse en comunión co Misterio Eucarístico, co Cristo Xacente ou coa Virxe das Dores... Poucos días despois, camiñando, de novo, por esas mesmas rúas, durante as horas de

máis animación, observei como algunhas daquelas ou outras persoas se movían con nerviosismo, axitadas. Na parada do autobús escoitábanse queixas, protestas e algunha discusión alporizada. As relacións humanas non sempre son tranquilas, serenas, afables. Respecto, comprensión, tolerancia, amabilidade... ¡Canto necesitamos isto para poder levantar pontes de unión, de comunión verdadeira!

A Igrexa diocesana, comunidade de fe. É o lema deste ano para o día dedicado á Igrexa diocesana. Crer é sentir unha Presencia. Crer é sentir a presenza de Cristo no noso corazón, no corazón dos demais e no corazón da historia. Non podemos sentirnos Igrexa Diocesana senón sentimos a presenza de Cristo e a presenza dos irmáns dende a experiencia da fe, dende a conciencia fonda de que fomos bautizados, inseridos no mesmo corazón de Cristo e da Igrexa.

Con motivo desta Xornada diocesana, escribovos co desexo e a esperanza de que todos, sacerdotes e laicos, nenos e persoas maiores, sans e enfermos, todos, todos nos esforcemos por sentirnos, a cotío, máis preto de Deus que é Misterio de comunión, relación, amor, vida que se da. Pensar así a Deus, edifícanos eclesial e socialmente. A Igrexa é comunidade de fe porque Deus é comunión. Por iso, necesitamos redescubrir esta dimensión da fe cristiá, coidala e cultivala. Unha fe despersonalizada, individualista, pechada, que non compromete, non é a fe cristiá.

O día da Igrexa diocesana é unha especial chamada a examinala nosa fe e a calidade da mesma. Debe axudarnos a espertala e a facela comunión. Comunión de persoas que viven e comparten xenerosamente o que son e o que teñen.

A lectura dos Feitos dos Apóstolos, que é proclamada durante este tempo pascual, ofrécenos un modelo de vida de fe ("comunidades crentes"), de comunión ("tiñan un só corazón e unha soa alma") e de evanxélica caridade ("tódalas cousas eran comúns"). Na Igrexa actual hai, sen dúbida, moitas comunidades cristiás que, coas súas humanas debilidades, loitan por encarnar a vida da auténtica comunidade evanxélica. Son para nós, sempre, e especialmente nesta Xornada diocesana, un exemplo animoso, estimulante e provocador. ¡Escoitémosla chamada!

Jr. José Priun
Obispo de Lugo

A NOSA VOZ

Revista de información diocesana

DIRECTOR: Miguel Gómez
CONSELLO DE REDACCIÓN: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba, M^a José Campo, Miguel Rico Gómez, Antón Negro.
ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela.
EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicaría de Pastoral da Diocese de Lugo.
DIRECCIÓN: Bispado de Lugo. Praza de Santa María s/n. 27001. Lugo.
Teléfono: 982 23 11 43
Teléfono-Fax: 982 25 15 93
E-mail: obispadodelugo@telefonica.net

A NOSA VOZ

DEPOSITO LEGAL: 649.

IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Ind. O Ceao.

AXENDA

MAIO

- Día 9:** Celebración de San Xoán de Avila, patrono do clero secular
- Día 10:** Empeza o curso prematrimonial en A Nova (Lugo)
Cadea de oración polas vocacións
Día do Monagillo
- Día 11:** Xornada Mundial de oración polas vocacións
- Día 18:** Día da Igrexa Diocesana
- Día 20:** Xornada de formación permanente para o clero.
De 10'30 á 17 horas na Casa Diocesana. Dirixe o teólogo, Juan de Dios Martín Velasco
- Día 20:** O Bispo da Diocese preside na catedral ás 18'30 a Eucaristía de Acción de Gracias pola canonización da Santa Sor Angela de la Cruz, fundadora das Irmáns da Cruz.
- Días 21-28:** Frei Xosé Gómez visita as comunidades de emigrantes españois na Suiza alemá
- Día 26:** Comenza o curso prematrimonial en Sarria
- Día 31:** O Bispo da Diocese preside a Vixilia de Adoración Nocturna en Lalín

XUÑO

- Día 1:** Ascensión do Señor.
Xornada Mundial das Comunicacións Sociais
- Día 2:** Comenza o curso prematrimonial na parroquia de San Antonio en Monforte.
- Días 4-6:** Xornadas de Apostolado Seglar. As 8 da tarde no Seminario.
- Día 7:** Vixilia de Pentecostés no Seminario
- Día 8:** Pentecostés
Día do Apostolado Seglar e Acción Católica.
- Día 9:** Empeza o curso prematrimonial en Lalín
- Días 9-11:** Frei Xosé Gómez participa, en Lisboa, na reunión conxunta das Comisións Episcopais de Medios de Comunicación Social de Portugal e España.
- Día 10:** Empeza o curso prematrimonial na Milagrosa (Lugo).
- Día 12:** Xesucristo, Sumo e Eterno Sacerdote.
- Día 14:** O Sr. Bispo preside a inauguración e bendición na nova casa das Aliadas. Ás 11 da mañá
- Día 15:** Stma. Trindade
Día da Vida Consagrada Contemplativa
O Sr. Bispo preside a clausura do curso no Seminario Diocesano
- Días 16-21:** O Bispo da Diocese participa en Madrid na Asemblea da Conferencia Episcopal Española
- Día 22:** Corpus. Día da Caridade
- Día 29:** Ofrenda ó Santísimo Sacramento do Antigo Reino de Galicia
- Día 30:** Peregrinación Diocesana a Lourdes